

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO PAZO DE RAXOI,  
O 4 DE XANEIRO DE 2012,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo se establecen os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.
- Decreto polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

**CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Decreto polo se nomea a Almudena Chacón Pichel interventora xeral da Comunidade Autónoma.
- Decreto polo que se dispón que cese Rosa María Pedrosa Pedrosa como secretaria xeral técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda.
- Decreto polo que se nomea a María del Socorro Martín Hierro secretaria xeral técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda.

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto polo que se dispón que cese Jesús Oitavén Barcala como secretario xeral técnico da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Decreto polo que se dispón que cese Antonio Fernández-Campa García-Bernardo como secretario xeral técnico da Consellería de Cultura e Turismo.
- Decreto polo que se nomea a Jesús Oitavén Barcala secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- Decreto polo que se dispón que cese Anxo Lorenzo Suárez como secretario xeral de Política Lingüística.
- Decreto polo que se nomea a Anxo Lorenzo Suárez secretario xeral de Cultura.

- Decreto polo que se dispón que cese Francisco López Rodríguez como director xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos.

## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR**

- Decreto polo que se cesa a Francisco José Vidal-Pardo y Pardo como secretario xeral técnico da Consellería do Mar.
- Decreto polo que se dispón que cese Jorge Atán Castro como secretario xeral técnico da Consellería do Medio Rural.
- Decreto polo que se nomea a Francisco José Vidal-Pardo y Pardo secretario xeral técnico da Consellería do Medio Rural e do Mar.
- Decreto polo que se dispón que cese Juan Carlos Maneiro Cadillo como director xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica
- Decreto polo que se nomea a Juan Carlos Maneiro Cadillo secretario xeral do Mar
- Decreto polo que se dispón que cese Pablo Ramón Fernández Asensio como director xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños.
- Decreto polo que se dispón que cese Tomás Fernández-Couto Juanas como director xeral de Montes da Consellería do Medio Rural.
- Decreto polo que se nomea a Tomás Fernández-Couto Juanas secretario xeral de Montes e Medio Rural.
- Decreto polo que se dispón que cese Alejandra Álvarez de Mon Rego como directora xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais da Consellería do Medio Rural.

## **A PRESIDENCIA DA XUNTA INTEGRA NA SÚA ESTRUTURA A SECRETARÍA XERAL PARA O TURISMO**

O Consello da Xunta reunido hoxe aprobou o Decreto polo que se establecen os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta, que integrará na súa estrutura a Secretaría Xeral para o Turismo, da cal pasará a asumir a súa área competencial.

Esta renovación está fundamentada nos criterios de eficacia, economía e austeridade que inspiran a actuación e a organización administrativa.

Así, dependerán funcionalmente da Presidencia da Xunta de Galicia e organicamente da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza os seguintes órganos superiores e de dirección:

### **1. Secretaría Xeral da Presidencia**

#### **1.1 Dirección Xeral do Gabinete da Presidencia**

### **2. Asesoría Xurídica Xeral, con nivel orgánico de dirección xeral.**

### **3. Secretaría Xeral de Medios, á cal estará adscrito o ente público Compañía de Radio-Televisión de Galicia.**

#### **3.1 Dirección Xeral de Comunicación**

### **4. Secretaría Xeral da Igualdade**

### **5. Secretaría Xeral da Emigración**

### **6. Secretaría Xeral para o Deporte**

### **7. Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica**

### **8. Secretaría Xeral para o Turismo**

## **O GOBERNO GALEGO APROBA O DECRETO POLO QUE SE FIXA A ESTRUCTURA ORGÁNICA DAS CONSELLERÍAS DA XUNTA DE GALICIA**

### ▪ *Redúcense en catro os órganos de dirección da administración autonómica*

O Consello da Xunta celebrado hoxe aprobou o Decreto polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia. Unha nova estrutura adaptada ás necesidades actuais, tendo en conta os criterios de eficacia, economía e austeridade que deben inspirar a actuación e a organización administrativa.

Así, a **Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza** estrutúrase nos seguintes órganos de dirección:

1. Secretaría Xeral Técnica.
2. Dirección Xeral de Xustiza.
3. Dirección Xeral de Administración Local.
4. Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias.
5. Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.
6. Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.
7. Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.

As delegacións territoriais da Xunta de Galicia da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo quedan adscritas orgánicamente a esta consellería; e, configuradas como órganos de dirección, terán nivel orgánico de dirección xeral. Así mesmo, quedan adscritas, tamén, a este departamento da Administración galega as delegacións da Xunta de Galicia no exterior.

E, de igual xeito, o organismo autónomo Escola Galega de Administración Pública, o organismo autónomo Academia Galega de Seguridade Pública e o ente público Axencia Galega de Emerxencias.

No que respecta á **Consellería de Facenda**, estruturarase nos seguintes órganos de dirección:

1. Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio.
2. Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.
3. Dirección Xeral de Orzamentos.
4. Dirección Xeral de Tributos.
5. Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro.
6. Dirección Xeral de Planificación e Fondos.
7. Dirección Xeral da Función Pública.

Quedan adscritos a esta consellería o Instituto Galego de Estatística, o organismo autónomo Tribunal Galego de Defensa da Competencia, o ente público Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable, e o Consello Económico e Social de Galicia, ente institucional de dereito público e órgano consultivo.

A **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas** estrutúrase nos seguintes órganos superiores e de dirección:

1. Secretaria Xeral Técnica
2. Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.
3. Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.
4. Dirección Xeral de Infraestruturas.
5. Dirección Xeral de Mobilidade.
6. Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe.
7. Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

Adscritos a esta consellería estará o ente público de natureza consorcial Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, o organismo autónomo Augas de Galicia, o organismo autónomo Instituto Galego da Vivenda e Solo, o ente público Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, e o Xurado de Expropiación de Galicia, con nivel orgánico de dirección xeral.

A **Consellería de Economía e Industria** estruturarase nos seguintes órganos de dirección:

1. Secretaría Xeral Técnica.
2. Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.
3. Dirección Xeral de Comercio.
4. Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas.

Quedan adscritos a esta consellería o organismo autónomo Instituto Galego de Consumo, o ente público Instituto Galego de Promoción Económica e o ente público Instituto Enerxético de Galicia.

No tocante á estrutura da **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, contará cos seguintes órganos superiores e de dirección:

1. Secretaría Xeral Técnica.
2. Secretaría Xeral de Cultura.
  - 2.1 Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
3. Secretaría Xeral de Política Lingüística.

4. Secretaría Xeral de Universidades.
5. Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.
6. Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

Adscritos a este departamento da Xunta estará a axencia pública Axencia Galega das Industrias Culturais, e o ente público Axencia para a Xestión Integrada, Calidade e Avaliación da Formación Profesional.

A **Consellería de Sanidade** estrutúrase nos seguintes órganos de dirección:

1. Secretaría Xeral Técnica.
2. Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública.

Estará adscrito a esta consellería o organismo autónomo Servizo Galego de Saúde.

Polo que respecta á **Consellería de Traballo e Benestar**, conta co seguintes órganos superiores e de dirección:

1. Secretaría Xeral Técnica.
2. Secretaría Xeral de Política Social.
3. Dirección Xeral de Relacións Laborais.
4. Dirección Xeral de Promoción do Emprego.
5. Dirección Xeral de Formación e Colocación.
6. Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Quedan adscritos a esta consellería o organismo autónomo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral e o Consello Galego de Relacións Laborais, ente institucional de dereito público, e órgano consultivo.

Por último, a **Consellería do Medio Rural e do Mar** estruturarase nos seguintes órganos superiores e de dirección:

1. Secretaría Xeral Técnica.
2. Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes .
  - 2.1 Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.
  - 2.2 Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.
3. Secretaría Xeral do Mar.
  - 3.1 Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Quedan adscritos a esta consellería:

1. O organismo autónomo Fondo Galego de Garantía Agraria.

2. O ente público Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.
3. O ente público Instituto Galego de Calidade Alimentaria.
4. O ente público Portos de Galicia.
5. O ente público Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño.

A Dirección Xeral de Infraestruturas e a Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe quedarán suprimidas coa entrada en funcionamento da Axencia Galega de Infraestruturas e do Organismo Autónomo Instituto de Estudos do Territorio, respectivamente.

Así mesmo, o Organismo Autónomo Augas de Galicia e o Ente Público Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos quedarán extinguidos coa entrada en funcionamento da Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia.

Os órganos dos departamentos territoriais das consellerías suprimidas dependerán das consellerías resultantes da nova organización, de acordo coas súas respectivas competencias e manterán a súa estrutura e funcións, regulada nos correspondentes decretos de estrutura orgánica, ata que se proceda ao desenvolvemento da estrutura contida neste decreto.

## **CONSELLERÍA DE FACENDA**

### **INTERVENTORA XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA**

#### **Almudena Chacón Pichel**

Naceu na Coruña e é licenciada en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade da Coruña. Máster in Fiscal Studies pola University of Bath do Reino Unido.

Pertence á escala superior de finanzas da Xunta de Galicia na especialidade de Intervención e na de Inspección e Xestión Financeira e Tributaria. Conta co diploma de directivo.

Foi interventora delegada na Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e subdirectora xeral de Coordinación e Relacións co Consello de Contas da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

### **SECRETARIA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO**

#### **María del Socorro Martín Hierro**

Naceu en Madrid e é licenciada en Dereito pola Universidade Complutense. Pertence á escala superior de Finanzas da Xunta de Galicia na especialidade de Intervención e na de Inspección e Xestión Financeira e Tributaria. Obtivo o diploma de directivo.

Foi xefa do Servizo de Fiscalización e Xestión e xefa do Servizo de Recadación. Ademais, desempeñou o cargo de interventora delegada na Consellería Cultura e Deporte e foi subdirectora xeral de Fiscalización e Control Interno da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.



---

## **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

### **SECRETARIO XERAL TÉCNICO**

#### **Jesús Oitavén Barcala**

O novo secretario xeral técnico, nacido en Cotobade (Pontevedra) é licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, e funcionario do corpo superior da Administración da Xunta de Galicia, co diploma de directivo.

Desde o 27 de maio de 2010 exerce o cargo de secretario xeral técnico da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Previamente estaba a desenvolver a súa actividade como auditor no Consello de Contas de Galicia, posto que ocupaba desde 2006, no cal desenvolveu tarefas na Área Institucional e na Área de Fiscalización do Sergas.

Ao longo da súa vida profesional estivo a traballar no Instituto Galego de Vivenda e Solo, onde foi director técnico de Supervisión e Asesoramento (1999-2005) e xefe da Área de Fiscalización (1994-1999). Comezou a súa carreira administrativa en 1993 como xefe de sección de Fiscalización no IGVS, e posteriormente como xefe de Xestión Económica e Control Orzamentario na Consellería de Familia, Muller e Xuventude.

### **SECRETARIO XERAL DE CULTURA**

#### **Anxo Lorenzo Suárez**

Nacido en Vigo (1964), é licenciado en Filoloxía Hispánica (1988) e doutor en Filoloxía (1999) pola Universidade Autónoma de Barcelona (UAB). É profesor do departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo desde 1992, onde é profesor titular de universidade desde 2000.

No ámbito da política lingüística, foi durante cinco anos director do Servizo Lingüístico da Universidade de Vigo (2001-2006). Participou na elaboración do *Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega* como secretario da comisión n.º 2 (ensino, mocidade, familia e formación de adultos).

Impartiu conferencias e seminarios en universidades de Arxentina (U. de Buenos Aires), Brasil (U. Federal de Santa Catarina, Florianópolis), Canadá (U. Laval, Quebec), Estados Unidos (City University of New York), Gran Bretaña (Oxford, Sheffield e Stirling) e Alemaña (Freie U. de Berlín e U. Tubinga).

- Secretario Xeral de Política Lingüística na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia (desde 2009).
- Director do departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo (2006-2009).
- Membro do Consello Asesor da *Revista Galega de Filoloxía* (Universidade da Coruña).
- Cofundador e coeditor da revista *Estudios de Sociolingüística* (Universidade de Vigo) (2000-2003).
- Coordinador da Sección de Lingua e Sociedade e membro do Consello Consultivo da Fundación Carlos Casares (2003-2009).
- Membro da comisión técnica do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (1998-2003).
- Membro da Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega (2004-2007).
- Director do Observatorio de Sociolingüística da Universidade de Vigo (grupo de investigación rexistrado na Oficina de I + D).
- Coordinador da exposición *As nosas palabras, os nosos mundos*, elaborada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia (2008-2009).

## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR**

### **SECRETARIO XERAL TÉCNICO**

#### **Francisco José Vidal-Pardo y Pardo**

Francisco José Vidal-Pardo y Pardo (Madrid 1973) é licenciado en Dereito pola Universidade Pontificia de Comillas (ICADE) e ten un máster en Administración Financeira e Tributaria da Universidade da Coruña.

No ano 1996 comezou a traballar coma avogado en Lugo; no ano 2004 aprobou as oposicións á escala de letrados da Xunta de Galicia, onde desempeñou servizos no Gabinete Xurídico Territorial da Xunta na Coruña, no Gabinete Xurídico Territorial de Ourense, no Servizo Galego de Saúde e posteriormente no Xurado de Expropiación de Galicia, onde coordinaba os recursos contencioso-administrativos da Xunta de Galicia na sección 3.ª do TSX de Galicia.

En abril de 2009 foi nomeado secretario xeral técnico da Consellería do Mar. Ademais é conselleiro da Autoridade Portuaria da Coruña, do ente público Portos de Galicia e do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (Intecmar).

### **SECRETARIO XERAL DO MAR**

#### **Juan Carlos Maneiro Cadillo**

Juan Carlos Maneiro Cadillo (1958), biólogo pola Universidade de Santiago de Compostela, desenvolveu diversas actividades relacionadas coa bioloxía, oceanografía e control do medio mariño, tanto dende o ámbito universitario como desde o administrativo e o privado.

Profesor bolseiro da Universidade de Santiago de Compostela ata o ano 1988, entre os anos 1991 a 2005 desenvolveu a súa actividade profesional no Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (Intecmar) da Xunta de Galicia, pasando polo Departamento de Oceanografía e Fitoplancto, Dirección Técnica e, finalmente, a Dirección do Instituto entre 1997 e 2005.

A partir de 2005 e ata 2009 desenvolveu a súa vida laboral na empresa privada, primeiro como xerente da Asociación Valenciana de Empresas Acuícolas (AVEMPI), logo como director-xerente dunha empresa dedicada ao procesado de mexillón e, finalmente, a partir de mediados de 2008, como subdirector da Asociación Española de Cidades da Pesca (AECIPE).

En abril de 2009 foi nomeado director xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar da Xunta de Galicia.

## **SECRETARIO XERAL DE MONTES E DO MEDIO RURAL**

### **Tomás Fernández-Couto Juanas**

É enxeñeiro superior de Montes pola ETSI de Montes de Madrid (ano 1984) e funcionario de carreira do corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, na especialidade de enxeñeiros de Montes.

Dende o 1 de xaneiro de 1985 e ata abril de 1990 desempeñou funcións de técnico, en varios postos, nos servizos provinciais de Medio Ambiente Natural das provincias de Pontevedra e Lugo, en funcións de desenvolvemento de proxectos de conservación da natureza, xestión de piscifactorías, centros de recuperación de fauna, granxas cinexéticas, e xestión da caza e a pesca nas provincias de Lugo e Pontevedra.

Entre setembro de 1987 e xullo de 1990 desempeñou o posto de director técnico da Reserva Nacional de Caza dos Ancares, en Lugo. Posteriormente foi xefe provincial de Defensa contra Incendios Forestais de Lugo.

Dende decembro de 1992 ata finais de 1993 desempeñou funcións de xefe de servizo nos servizos centrais da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, en Santiago. Posteriormente, foi designado supervisor de Proxectos da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural; desempeñou o posto de subdirector xeral de Medio Ambiente Natural (1994-1996); e foi membro da comisión de traballo da Comisión Galega de Medio Ambiente e membro do Consello Galego de Medio Ambiente Natural.

En xullo de 1996 foi nomeado director xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, cargo en que permanece ata outubro de 2005.

Na actualidade desempeñaba o posto de director xeral de Montes da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.